

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO MUNICIPAL CON DATA 7 DE SETEMBRO DE 2017

No Salón de sesión da Casa Consistorial de Ribadumia, sendo as vinte unha horas do día sete de setembro de dous mil dezasete, ó obxecto de celebrar a sesión ordinaria, previamente convocada na forma regulamentaria baixo a presidencia do Sr. Alcalde, D. David J. Castro Mougán, reúnen os sres. concelleiros: D^a M^a del Mar Rey Pérez; D. Enrique J. Oubiña Lago; D. José Ramón González Ledesma; D^a M^a del Pilar Martínez Troncoso; D^a M^a del Mar Moimenta Otero; D. Juan Carlos Esperón Prado; D^a M^a Salomé Peña Muñiz; D. Luis Serantes Alvarez; D^a Susana Fandiño Vázquez e D. Antonio Roma Arcos.

Non asisten D^a M^a Dolores Esperón Feijoo e D. Antonio Bermúdez Varela

Actúa como Secretaria da Corporación D^a M^a Dolores Franco Mateo.

1º.- ACTAS ANTERIORES.-

Dáse conta á Corporación da acta de sesión anterior, correspondente á ordinaria celebrada con data 2 de marzo de 2017.

Pola Sra. Peña Muñiz indícase que hai un erro de transcripción no punto 2º, na hora de funcionamento da Escola de Ocio.- Rectificado o erro a Acta é aprobada por unanimidade na forma en que está redactada.

2º.- MOCION SOBRE A "RETIRADA DO ANTEPROXECTO DE REFORMA DA LEI DA SAÚDE DE GALICIA.-

Dase conta da moción presentada pola que, tras analizar algúns aspectos do Anteproxecto de Reforma da lei de Saúde de Galicia" e expón que *as modificacións previstas no anteproxecto van a provocar máis deterioro na sanidade pública, porque pretende o desmantelamento e a consolidación da privatización do sistema sanitario público galego. - Que desmantela áreas sanitarias para baleirar os hospitais comarcais o que suón unha barreira para o acceso da cidadanía á atención hospitalaria; mantén as estruturas de xestión integrada nas áreas sanitarias (EOXIS) responsables do deterioro e marxinação da Atención Primaria, absorbida polas xerencias hospitalarias.-*

Que a lei actualmente en vigor establece que a prestación de servizos sanitarios e a delimitación das áreas se fará tendo en conta, en todo caso, as necesidades sanitarias do poboación, e o anteproxecto establece que se fará "tendo en conta os recursos sanitarios existentes", que por todo iso propoñen adoptar acordo de:

1º.- Instar á Xunta de Galicia a:

- *- Retirar o anteproxecto da Lei de Modificación da Lei 8/2008, do 10 de xullo de Saúde de Galicia.*
- *Manter a Área sanitaria do Salnés para favorecer a resolución dos problemas da cidadanía e dos traballadores/as sen ter que desprazarse aos grandes hospitais e sen marxinar a Atención Primaria.*
- *Nomear unha Xerencia na Área Sanitaria do Salnés con capacidade de xestión directa, que sexa capaz de dotar o Hospital do Salnés e a súa Atención Primaria de persoal, recursos materiais e tecnoloxía necesarios para unha atención adecuada que se corresponda coas necesidades reais da comarca do Salnés.*

2º.- Dar traslado deste acordo ao presidente da Xunta de Galicia e aos voceiros dos grupos parlamentarios do Parlamento de Galicia.

A Sra. Martínez Troncoso dí que houbo unha reunión informativa e na Comisión Informativa se lle deu ó grupo do P.P. a posibilidade de si querían modificar algo para consensual e non quixeron.-

Respecto do texto da moción e para que os que non coñezan o funcionamento das áreas sanitarias pasa a dar unha pequena explicación: na lei nacional de 1986 se dividía en atención primaria e especializada e se establecía que debería ter unha representación do 40% das entidades locais e da explicación dos criterios establecidos en dita lei.- Na lei de 1989 ata 1992 se delimitaron zonas sanitarias (especializada) e dentro das áreas sanitarias se englobaban as zonas.- En 1992 se crearon dúas áreas sanitarias novas (creouse a do Salnés) e mantivéronse no tempo ata agora.-

Co anteproxecto novo se pasa de de once áreas sanitarias a sete; esta zona xa pasa a depender de Pontevedra (Pontevedra-Salnés); as EOXIS se crean para a xestión dos recursos sanitarios (non fala de necesidades da poboación).

Outro tema que se critica é que hai moitos aspectos no anteproxecto de lei que establece que se definirá mediante Decreto da Xunta; establece distritos sanitarios (relacionados cos hospitais existentes) e agora a área do Salnés se pon ó mesmo nivel que o Barbanza que anteriormente non era Area Sanitaria; da conta doutros aspectos do anteproxecto e dí que o que se pide é apoiar a moción que presenta a xunta de persoal do Hospital do Salnés.-

Toma a palabra o Sr. Serantes Alvarez e comenta, que lamenta que este pleno ordinario se celebre nesta semana de vendima o que dificulta a asistencia de todos os concelleiros (nas Comisións Informativas do equipo de goberno só asistiron dous membros) e parte do público que habitualmente asisten ás sesións.

Respecto do asunto que se trata indica que non están de acordo coa exposición da moción, que a presenta o equipo de goberno, aínda que sexa a proposta da xunta de persoal do hospital, que na parte expositiva da moción se dí que *“estamos ante unha proposta que se fae de forma escurantista, que baleira de contido os hospitais comarcais, que favorece a laboralización e precarización do persoal sanitario e o enchufismo na adxudicación de prazas”*.

Manifesta que a sanidade pública é unha prioridade; que o Hospital do Salnés saíu adiante polo empuxe dos sete alcaldes do Salnés que a maioría eran do P.P. (salvo A Illa e Catoira) e puxeron o xerme para que o hospital fora unha realidade; que está dando resposta ás necesidades dos pacientes, así coma ao mantemento, ampliación e dotación de medios, que o goberno (en especial os do P.P.) fixeron todo para que funcione.- Que se acaban de inaugurar unhas instalacións novas (cun presuposto duns sete millón de euros) para que o Hospital Gran Montecelo sexa unha realidade, o que lles da fiabilidade (ó igual que saíu adiante o Hospital Alvaro Cunqueiro e é un referente na sanidade pública), polo que merece darlle un voto de confianza ó anteproxecto de lei.

Continúa dicindo que, a raíz da exposición, extensa e traballada, do punto da orde do día realizada pola Sra. Martínez Troncoso, lle gustaría que esa exposición se tivera feito na reunión na que estaba o Sr. Conselleiro e na mesma non se mostrou rexeitamento algún nin o Alcalde nin a concelleira co que se supón que validaban o que dixo o equipo do Conselleiro.

A Sra. Martínez Troncoso contesta, sobre a reunión á que asistiu o Sr. Conselleiro, que cando se lles convoca se é un asunto que pode afectar ós veciños de Ribadumia asisten e escoitan e iso non quere dicir que estean de acordo; que cando vas a unha reunión ás veces se pode manifestar se se está de acordo e outras non.

Por outro lado tamén di que na Xunta de Portavoces celebrada en ningún momento o representante do grupo municipal do P.P. manifestou a posibilidade de cambiar a data do pleno, que se intenta manter as sesións ordinarias, pero se pode ser flexible e se o houberan solicitado non houbera habido inconveniente algún.- En canto á non asistencia de algúns membros do equipo de goberno ás Comisión informativas lle informa que algunhas persoas estaban vendimando, outra fora de Ribadumia e outra nun funeral.

Respecto á moción dí que é tal e como a pasou a xunta de persoal; que pediu que se sometera á consideración do pleno e así se fixo; que se lles dixo ó grupo da oposición que si querían cambiar algo que o dixeran e tentarían consensuarse, pero non

quixeron cambiar nada.- Aclara que respecto o proxecto do Gran Montecelo dí que se deu participación á sociedade e aquí non; houbo 1.500 alegacións negativas.- LLe contesta ó Sr. Serantes que só faltaría que non se invistise en sanidade e aínda así segue sen existir UCI no Salnés; que compare o investimento que vai a haber ata 2021 no Salnés.

Polo que compete ós veciños di que non se pode realmente elixir especialista (que iso xa o fixaba un Decreto de 2015); por exemplo o servizo de cardioloxía que xa se ven atendendo no Salnés van a ter que desprazarse a Pontevedra; ou dixestivo os veciños de Ribadumia terían que ir a Pontevedra e o servizo do Salnés quedaría so para Vilagarcía e Vilanova; que se pode elixir especialista pero condicionado: se solicita e decide a EOXI e non se pode pedir se xa foi atendido anteriormente por outro.

Outra cousa moi importante é que prevalece as listas de espera sobre o dereito de elección do paciente; que o Consello de Contas no seu informe critica que o número de profesionais en propiedade baixou e aumentou o de interinos e tamén incrementouse o gasto en servizos concertados.

O Sr. Alcalde, respecto o non cambiar a data da sesión, dí que é porque é cando toca sesión ordinaria e non solicitaron cambiala; que os membros do grupo da oposición nunca están a gusto: cando se cambia a data porque se cambia e cando non se cambia tampouco están de acordo; que na Xunta de Portavoces poderían ter solicitado cámbialo e non o solicitaron nin se fixo ningunha observación ó respecto.

Remata dicindo que a moción está clara; que se podía ter tratado de consensuar o texto e se lles propuxo na Comisión Informativa, pero o P.P. non fixo ningunha aportación.

Rematadas as intervención o Pleno Municipal por maioría de sete votos a favor (I.R. e Grupo Mixto) e catro en contra (P.P.) acorda: Prestar aprobación á moción presentada e, na súa virtude:

1º.- Instar á Xunta de Galicia a:

- Retirar o anteproxecto da Lei de Modificación da Lei 8/2008, do 10 de xullo de Saúde de Galicia.
- Manter a Área sanitaria do Salnés para favorecer a resolución dos problemas da cidadanía e dos traballadores/as sen ter que desprazarse aos grandes hospitais e sen marxinar a Atención Primaria.
- Nomear unha Xerencia na Área Sanitaria do Salnés con capacidade de xestión directa, que sexa capaz de dotar o Hospital do Salnés e a súa Atención Primaria de persoal, recursos materiais e tecnoloxía necesarios

para unha atención adecuada que se corresponda coas necesidades reais da comarca do Salnés.

2º.- Dar traslado deste acordo ao presidente da Xunta de Galicia e aos voceiros dos grupos parlamentarios do Parlamento de Galicia.

3º.- MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA DO SERVIZO DE ABASTECIMENTO DOMICILIARIO DE AUGA NO RELATIVO Ó PERÍODO DE COBRO.-

Toma a palabra a Sra. Martínez Troncoso para explicar que o que se propón é só o cambio do período de facturación, sen modificación dos importes do consumo de auga. As lecturas pasan a facerse cada 6 meses e polo tanto haberá 2 recibos no ano.

A Sra. Peña Muñiz dí que están de acordo que unha tasa anual e agora se pasa en 2 recibos é positivo, e xa se ten feito coas taxas de lixo e sumidoiro.- Solicita que pide e que as lecturas se fagan cada seis meses e que non pase como este ano que os veciños se queixan porque non se fixo a lectura nalgunhas zonas.- Que se faga con responsabilidade e seriedade e que se fagan as lecturas cada seis meses.- Que por unha deixadez do Concello este ano se incrementou moito os recibos de auga sobre todo polo tema do canon que aplica a Xunta.

A Sra. Martínez Troncoso replica que xa que a Sra. Peña saca o tema aproveita para indicar que unha das cousas malas que herdaron foi o sistema de lectura, porque se producen moitos erros e se producían, e para evitar isto se vai intentar cambiar o sistema de lectura.

Dí que se fala moi alegremente de que non se leron os contadores, pero ten coñecemento de que na súa época algunhas veces non se lían contadores e se facían consumos estimativos.

Invita a que si necesita algunha aclaración se dirixa a persoa encargada e que lle explique o que pasou é o que se está facendo para solucionar este problema.

A Sra. Peña Muñiz insiste que hai zonas e incluso parroquias nas que non se leron os contadores.

A Sra. Martínez Troncoso contesta que o problema é que nos recibos consta o consumo cero, pero que non necesariamente se debe a que non se leran.

A Sra. Peña Muñiz pídelles ao equipo de goberno que se lea cada seis meses e seriedade para que non volva a suceder o que pasou o ano pasado.

Toma a palabra o Sr. Alcalde para dicir que se traballa con seriedade e responsabilidade, que hai cousas que hai que corrixir e se están facendo xestións con

Augas de Galicia e co ORAL para que os veciños non se vexan prexudicados. Tamén comenta que se está tentando cambiar o sistema de lectura de contadores para evitar erros.

Recórdalle a Sra. Peña Muñiz que na súa época se fixeron estimación e agora están tratando e estudando a forma de resolver o probema e están dispostos a reunirse cos afectados para darlles unha explicación.

Di que a modificación trata de beneficiar aos veciños para facer a facturación en 2 veces a carga impositiva vai mais repartida.

Rematadas as intervencións o Pleno Municipal, por unanimidade dos Sres. asistentes acorda:

1º.- Prestar aprobación á modificación da Ordenanza Fiscal Reguladora da Taxa do Servizo de Abastecemento Domiciliario de Auga do Concello de Ribadumia, quedando redactado o artigo 5 da mesma da seguinte forma:

	Tarifas
1.1 A) Vivendas, ata 15 m3/mes consumidos	20,70 €/ semestre
1.1. b) Vivendas, a partires de 15 m3/mes consumidos, por cada m/3 (a partires de 90 m3/semestre)	0,34
1.2. a) Locais comerciais, ata 15 m3/mes consumidos	39,60 €/semestre
1.2 b) Locais comerciais a partires de 15 m3/mes, por cada m/3 consum. (a partires de 90 m3/semestre)	0,65
1.3. a) Fábricas e talleres, ata 15 m3/mes consumidos	76,50 €/semestre
1.3 b) Fábricas e talleres, a partires de 15 m3/mes, por cada m/3 consum. (a partires de 90 m3/semestre)	1,57

5º.- INICIO EXPEDIENTE PARA A DESIGNACIÓN DE XUIZ DE PAZ TITULAR.-

Dáse conta do escrito recibido do Tribunal Superior de Xustiza de Galiza polo que estando próximo a vencer eo período polo que se designou xuíz de paz titular deste Concello, en reunión da Sala do Goberno de dito Tribunal acordouse oficiar a este Concello a fin de que se inicie novo expediente para a súa elección no prazo de tres meses, ou en caso de non opta-lo Concello por face-la designación ésta se faría

directamente polo Tribunal Superior de Xustiza, propoñendo o Sr. Alcalde inicia-lo expediente para a súa elección.

Infórmase que adoptado acordo de inicio de expediente procederase á publicación do anuncio correspondente no Boletín Oficial da Provincia e mediante edictos, a fin de que as persoas que estén interesadas en exercer dito cargo presenten a correspondente solicitude.

O Pleno Municipal, por unanimidade dos Sres. asistentes acorda inicia-lo expediente para a elección de Xuíz de Paz substituto deste Concello, procedendo á publicación do anuncio correspondente para a presentación de solicitudes e demais trámites a que haxa lugar.

6º.- MOCIÓN DO EQUIPO DE GOBERNO SOBRE A PROMOCIÓN DO CONCELLO DE RIBADUMIA NOS EVENTOS ORGANIZADOS POLA FEDERACION GALEGA DE FÚTBOL NO TERMO MUNICIPAL.-

Antes de iniciar a tratar o asunto o Sr. Serantes Alvarez toma a palabra e dí que na Comisión Informativa formulou unha consulta sobre si este asunto se debía votar e deliberar como moción. A Sra. Secretaria dí que o asunto considera que, ó terse tratado na Comisión Informativa, sí pode ser tratado polo pleno (independentemente que se denomine moción ou ditame).- O Sr. Alcalde pregunta ó Sr. Serantes se ten algún problema para que se trate e este contesta que, aínda que o Alcalde non asistiu ás Comisións Informativas, pensou que se lle tiña trasladado a súa consulta e di que el entendía que non era susceptible de tratalo como moción.

O Sr. Alcalde, trala aclaración, cede a palabra ó Sr. Esperón Prado que da lectura á moción presentada polo equipo de goberno sobre a "Promoción do Concello de Ribadumia nos eventos organizados pola Federación Galega de Fútbol no termo municipal" na que expónse, entre outros aspectos que" *a Federación Galega de Fútbol ven desenvolvendo nas instalacións deportivas do Concello de Ribadumia diversos eventos e torneos deportivos para organización dos cales contou en todo momento coa colaboración, non só material e de persoal senon tamén económica, do actual equipo de goberno, que sempre se mantivo e manterá receptivo a calquera solicitude feita pola FGF que fose de interese para o deporte ribadumiense en particular e para o Concello de Ribadumia en xeral.-*

Que exemplo desta colaboración foi o desenvolvemento da fase de cuartos de final da XXIII Copa de Campeones División de Honor Juvenil que tivo lugar no campo de fútbol de A Senra no mes de maio e posteriormente a organización de varios partidos da Fase galega de benxamíns, xogados no Campo de fútbol de A Bouza á que se lle deu

publicidade a través duns folletos informativos elaborados pola propia FGF nos que aparecían os logos do organizados (a propia FGF) e dos colaboradores (neste caso do C.D. Ribadumia e do Umia C.F.); sen embargo o Concello de Ribadumia, entidade que non so facilitou o uso das instalacións municipais senón que tamén se encargou do seu mantemento e limpeza non apareceu recollida nos citados folletos informativos como entidade colaboradora dese evento, cando noutros eventos similares organizados noutros concellos para outras categorías de fútbol base si se recollían como colaboradoras as entidades locais propietarias dos terreos de xogo onde se levaron a cabo as actividades.-

Que este equipo de goberno considera que, en todos os casos en que o Concello de Ribadumia colabora de forma desinteresada, tanto directa como indirectamente na realización de actividades e eventos doutras entidades públicas e/ou privadas, estas deben incluír nos seus folletos informativos e/ou publicitarios o papel do concello como colaborador.

Que é por isto que o equipo de goberno somete a Pleno a adopción do seguinte acordo:

- *Instar, mediante escrito, á Federación Galega de Fútbol a incluír o logo do Concello de Ribadumia na publicidade e folletos/cartéis informativos ou doutra índole relativa ós eventos que realice e nos que conte coa colaboración directa e/ou indirecta do Concello.*

O Sr. Serantes dí que non sabe cal é a intención real da moción; que o acordo que se plantexa é instar a unha institución privada; que o Pleno ten as funcións que ten e non inmiscuirse noutras administracións privadas.- Que hai outros órganos municipais que ten esta competencia e se ofreceu a traer os informes que avalan o que di.-

Continúa dicindo que a Federación cando realiza algunha actividade solicita permiso e ante iso o Concello pode contestar que si ou que non e fixar condicións como por exemplo, asinar un convenio con obrigas para unha parte e para outra e non intentar inmiscuirse en asuntos da federación e entrar como "un elefante nunha cacharrería"; que cun escrito do Alcalde ou cunha chamada de teléfono se tería solucionado; que o que se presenta segue a considerar que non é obxecto de moción porque hai outroa canles nin o que se pretende de que se faga publicidade non hai nin que dicilo (que incluso nun evento que fixo a propia federación suxiriu que se cambiara a publicidade para a televisión para que se vira mellor a colaboración do Concello).-

Que non está de acordo en que sexa un asunto a tratar polo pleno e menos nunha moción .

O Sr. Alcalde dí que parece que deu a entender que o Concello non colabora, que el Sr. Serantes é tesoureiro da Federación e un concelleiro de Ribadumia e debería velar porque se promocióne ó Concello.- Se fixeron varios eventos e entende que a colaboración do Concello é exemplar.-

Que no Convenio que se asinou para a proba da fase de cuartos de final da XXIII Copa de Campeones División de Honor Juvenil o concello colaborou con 3.000 euros e toda a infraestrutura que levou consigo a proba (con todo poido superar os 8.000 euros).-

Que cando se fixeron as pancartas que ía a verse en televisión o Concello se queixou porque non se vía publicidade de Ribadumia e se cambiaron.- Ramata dicindo que sendo Concelleiro o Sr. Serantes e tesoureiro da FGF resulta que non se pon a publicidade nos folletos e cando se fae en Cee, A Estrada, Rianxo, Villalba, Arzúa, entre outros, si aparece. Como concelleiro se tiña que ter pendente diso.

O Sr. Serantes Alvarez di que agora empeza a saber cal é a intención para traer esta moción e é unha intención necia e non entende porque por parte da Federación sempre houbo boa intención de traballar co Concello.- Lémbrale ó Sr. Alcalde que dende que se fixo o evento no mes de maio tardouse cinco meses en pagar a aportación municipal.-

Continúa dicindo que tiña serias dúbidas de que se puidera tratar o asunto, pero agora as disipou todas e é unha ruindade, porque él loitou para que eventos deportivos importantes se celebraran en Ribadumia e na medida que poida vai a seguir facendo; que o Sr. Alcalde ten competencia para gobernar no Concello e non en outra entidade; que sería distinto si se adoptara acordo para que non se asinen convenios se non se pon a publicidade.

O Sr. Alcalde di que este Concello vai a seguir poñendo a disposición as instalacións municipais para realizar eventos e abre as portas á Federación, aínda que no medio haxa algunha persoa que queira perxudicar.

O Sr. Serantes dí que se quere falar de axuda ó deporte que diga que aínda debe os 3.000 euros á Federación por un evento que costou case 300.000 e tampouco axuda facendo desaparecer a BTTinto..

O Sr. Alcalde remata insistindo en que o Concello cumpriu o Convenio asinado e que a publicidade non levaba o nome de do Concello de Ribadumia e pese a eso quere seguir colaborando coa Federación.

Rematadas as intervencións o Pleno municipal por maioría de sete votos a favor (I.R. e Grupo Mixto) e catro en contra P.P. acorda:

- Instar, mediante escrito, á Federación Galega de Fútbol a incluír o logo do Concello de Ribadumia na publicidade e folletos/carteis informativos ou doutra índole relativa ós eventos que realice e nos que conte coa colaboración directa e/ou indirecta do Concello.

7º.- MOCIÓN DO PARTIDO POPULAR PARA INSTAR Á DEPUTACIÓN PROVINCIAL PARA A EXECUCIÓN DO PROXECTO DE CONSTRUCCIÓN DE BEIRARRÚAS DENDE O PAZO ATA A ROTONDA DOS CASTAÑOS.-

A Sra. Peña Muñiz da conta da moción presentada para que se insta á Deputación Provincial de Pontevedra a execución do proxecto de construción de beirarrúas dende o Pazo á Rotonda dos Castaños, e na que, entre outros aspectos consta que *"son fins propios da Deputacións provinciais garantir os principios de solidariedade e equilibrio intermunicipal no marco da política económica e social e asegurar a prestación integral e adecuada na totalidade do territorio provincial dos servizos de competencia municipal.- Que os gobernos do P.P. no concello de Ribadumia e na Deputación acordaron levar a cabo un proxecto de mellora da seguridade vial no lugar de Os Castaños, consistente en contruír unhas beirarrúas na estrada provincial, pola marxe que vai dende a rotonda ata o Pazo; que acordouse cos veciños o proxecto e comprometéndose a Deputación a financiar o 100% do custe, licitando no mes de xullo de 2015 o proxecto, por un importe de 192.342,63 euros.-*

Que pese a que o grupo municipal do P.P. preguntou en varias ocasión ó Alcalde polo estado do proxecto este sempre respondeu con evasivas, remitíndose a futuras reunión que mantería na Deputación para coñecer o estado do mesmo e do comezo das obras.- Que o seu grupo tivo coñecemento que no mes de marzo deste ano anulouse o procedemento de contratación das obras e que isto deixa a Ribadumia sen o investimemento pese a ser unha actuación moi necesaria por ser a zona moi transitada polos veciños e visitantes que se direxen a un dos principais recursos turísticos.

Que propónse a adopción dos seguintes acordos:

- *Instar á Deputación de Pontevedra a execución do proxecto de "Mellora da seguridade vial na EP 9305 Coirón-Ribadumia-Leiro, P.K. 4+450 a 4+490 (Ribadumia) consistente na construción dunha beirarría no lugar dos Castaños, nos termos do proxecto aprobado en 2015*
- *Remitir unha queixa conxunta das formacións que integran o pleno do Concello de Ribadumia a Deputación por non ter informado ao Alcalde do desestímulo e paralización do proxecto.*

-

A Sra. Peña Muñiz di que traen a moción despois de facer mención reiteradamente e preguntar por esta obra; que xa fe tempo que debería estar goando dela os veciños e que é moi importante por cuestión de seguridade; que saiu a licitación el 15 de xullo de 2015 e se abriron as propostas en setembro de 2015 e quedou paralizado o expediente ata xaneiro de 2017 e que en numerosas ocasións se interesou por este proxecto tanto en Deputación coma no Concello; que en xaneiro deste ano se informa da inviabilidade do proxecto dicindo que falta o replanteo e planos de ocupación dos terreos e estudio xeotécnico.- e o 22 de febreiro se desiste deste procedemento.- Que había proxecto e financiamento e os terreos estaban consensuados cos veciños e se chega a anular o procedemento.- Que no pleno do mes de maio preguntouse polo estado do proxecto e se descoñecía que a Deputación o tivera anulado.

O Sr. Alcalde dí que o equipo de goberno non quere paralizar este proxecto, que non había comunicación de que non se vaia a facer a obra, senon que hai o compromiso de que se vai a facer e estase redactando o novo proxecto que incluso incrementa algo o presuposto anterior.-

Que hai o compromiso de que se vai a facer e se non o fan non so apoiarían a moción senon que adoptarían as medidas que foran necesarias para esixir a súa execución.- Que o que pode ser é que o proxecto inicial entende que non se pode executar a eo día de hoxe non poden apoiar a moción porque hai ese compromiso e se non o fixeran este equipo presentaría unha moción e adoptaría as medidas que puidera para que se faga.- Que alí tamén vaise a facer un aparcadoiro e mellorar ata o Pazo é unha actuación moi importante.- Que esa moción se presenta respecto a un proxecto concreto que non se vai a facer pero se va a facer a obra con outro proxecto que mellore o anterior.

Toma a palabra a Sra. Peña Muñiz para dicir que so piden que se execute una obra que tiña que estar rematada fae un ano e medio e lle preocupa a complicidade do Concello coa Deputación Provincial.- Que a financiamento era de 192.000 euros e é lamentable que digan que aínda é pronto para aprobar esta moción porque hai o

compromiso de que se vai facer; lle parece unha deixadez de funcións; que a Sra. Presidenta da Deputación ningunea a Ribadumia; que aínda nin sequera fixo unha visita a este Concello (ó mellor nin sequera se lle invitou); que está de acordo en que é posible que se poidan facer melloras; que espera que non pasen outros dous anos e ó final os veciños de Ribadumia se queden sen obra.

O Sr. Alcalde lémbrale que co asunto do Monte do Castro a oposición montou un circo, alarmando ós veciños, con notas de prensa e acusándolles de deixadez e agora estése a facer unhas actuacións de 132.000 euros.- Antes o P.P. dicían que o BNG montaba un circo por calquera tema e agora o fan eles.- Insiste en que hai que dar tempo e se non se cumpre o compromiso tomaranse as medidas que se consideren oportunas.

Fae uso da palabra o Sr. González Lede para preguntar cantos anos foi presidente da Deputación o Sr. Louzán e esperou ata estar en funcións para iniciar a adxudicación da obra; que o proxecto tiña defectos e agora teñen complicacións e pregunta que van a ter que dicir logo cando en vez dunha obra de 192.000 euros se faga unha obra mellor por 220.000 euros.-

A Sra. Peña Muñiz contesta que durante anos se estiveron facendo obras de seguridade vial e no ano 2015 chegou o turno a esa obra; que o equipo de goberno está demostrando que está a favor de intereses partidistas e non polo intereses dos veciños.- Que a día de hoxe había aprobados 192.000 euros e do proxecto que fala o equipo de goberno aínda non está aprobado; que o P.P. sempre vai a aprobar o que interese ós veciños.- Que as actuacións no Monte do Castro xa podían estar feitas antes e que as declaracións en prensa moitas veces as sacaban por declaracións dos propios visitantes e non as facía o P.P., e que estivo abandonado durante dous anos.-

O Sr. Alcalde dí que o convenio do Monte do Castro estaba sen asinar e agora ten un investimento de 182.000 euros.- Lembra que o P.P. nun pleno dixeron que había que limpar as marquesinas e logo resulta que estaban algunhas sen limpar dende o ano 2011 e 2013.-

O Sr. Oubiña Lago indica que a coherencia é importante e a moción non se pode apoiar porque o proxecto está anulado e agora hai que correxilo e tiveron varias reunións e agora están redactando un novo proxecto; que a moción ten unha clara intención de ir contra a Deputación e quere tamén cargar o morto ó Concello; que él

non ten ningún interese en defender á Deputación pero quere que as obras se fagan ben e non chapuzadas.-

Rematadas as intervencións o Pleno Municipal, intervencións o Pleno Municipal, por sete votos en contra e catro a favor (P.P.) acorda **REXEITAR** a moción presentada polo Grupo Municipal do P. P., para instar á Deputación Provincial para a execución do proxecto de construción de beirarrúas dende o Pazo ata a rotonda dos Castaños, nos termos expresados

8º.- DAR CONTA DA CONCESIÓN DE AXUDAS PARA AS FESTAS PARROQUIAIS E CAMPUS DE VERÁN.-

Por parte do Sr. Alcalde pasase a dar lectura as subvencións concedidas para as festas parroquiais e para os Campus de Verán, as distintas entidades e comisións de festas.

Campus de Verán:

- Umia CF	1.489,83.-€
- Ribadumia Tenis de Mesa	578,73.-€
- CD Ribadumia	1.289,95.-€
- Asociación Pro-Escola de Música	641,49.-€

Festas parroquiais:

- O Adro do Iglesiasario (S. Andrés – Barrantes)	833,34.-€
- Fernando Abal (Sta. María – Besomaño)	277,78.-€
- Festeiros de Leiro (Festa Xuventude e S. Xoan – Leiro)	1.666,67.-€
- 13 de Maio (Fátima – Lois)	833,34.-€
- Campo da Picoña (San Fiz – Lois)	833,34.-€
- J. Ramón Serantes (Festa dos Reis – Ribadumia)	222,22.-€
- Dolores Millán (Festa dos Dolores – Ribadumia)	222,22.-€
- Sta. Baia (Festa S. Antón – Ribadumia)	566,04.-€

- Sta. Baia (Desta do Carme – Ribadumia)	660,38.-€
- Plantel (Romaria – Ribadumia)	440,25.-€
- Dositeo Valiñas (Sta. Baia – Ribadumia)	222,22.-€
- A.C. Festa Sisán (New Rock – Sisán)	500,00.-€
- Asoc. Cult. Com. Festas Sisán: (S.Antonio, Cristobal e Clemente – Sisán)	1.666,67.-€

9º.- DAR CONTA DO CONVENIO BTT.-

Dase conta do Convenio de colaboración subscrito co Club Ciclista Armenteira para a realización de actividades de BTT, polo prazo dun mes e posteriormente ampliouse a outro máis ante a aceptación que tivo a actividade e agora estase pensando en crear unha escola base coa colaboración de dito Club.

10º.- ROGOS E PREGUNTAS.-

1º.- O Sr. Serantes Alvarez pregunta se o equipo de goberno vai traer a Pleno máis mocións para que as institucións publiciten ó Concello de Ribadumia nas súas actuacións, como a que tratouse no punto 6º.-

O Sr. Alcalde contesta que si van a esixir sempre que se faga a publicidade e dependerá de si dita institución fae publicidade ou non.

2º.- A Sra. Fandiño Vázquez roga que se fagan as xestións necesarias para que se vacíen os contedores porque os de vidro, plástico e roupa están que votan por fora, e dí que retireuse algún (por exemplo onde ela vive había un contedor de vidro e retireuse)

O Sr. González Ledo contesta que houbo algún punto no que houbo algún problema para vacialos, pero xa se falou coa empresa e están a solucionaralo e respecto á retirada dí que non hai instrucións para que se retire ningún, que toma nota e informárase que pasou.

3º.- O Sr. Roma Arcos dí que estaban a pintar a sinalización horizontal no centro urbano e pregunta que paso porque a Rúa Rosalía de Castro non se pintou.

O Sr. Alcalde dí que o estaba levando a cabo a Deputación e se dixo que pararan ata que explicaran e aclararan cómo se ía a pintar, porque é complicado e había queixa de Tráfico de que había que facer unha actuación de sinalización porque se tiñan producido accidentes.- Remata dicindo que o Concello non ten competencia nesa estrada, salvo que solicitara a titularidade desa vía.

A Sra Peña Muñiz pregunta se a Deputación non se puxo en contacto previamente co Concello para explicar a actuación que ían a realizar; que é certo que é de titularidade provincial, pero dada a problemática que di que hai o normal é que se coordinara a actuación co Concello e cos veciños antes de iniciala.

4º.- A Sra. Peña Muñiz, en relación cos recibos de auga nos que figuraban consumos elevados por terse pasado a consumo 0 no ano anterior pregunta qué xestións se están levando a cabo e se os veciños teñen que pagar o recibo que lles está a chegar ou non.

O Sr. Alcalde contesta que fixéronse xestión ante Augas de Galicia (polo tema de canon e coeficiente de vertedura) e estanse facendo xestións co ORAL e cando se teña claro se lles informará ós veciños; que tentarase que se anulen os recibos e se volvan a emitir uns novos.

5º.- A Sra. Peña Muñiz di que recentemente houbo un verquido no río Umia, no lugar de Cabanelas e pregunta se se sabe de onde provino e que se fixo ó respecto.

O Sr. Alcalde di que foron membros da Agrupación de Protección Civil e do Seprona e suspendeuse o baño ese día e ó seguinte xa se podía habilitar para o baño se non se sabe de onde viña a mancha; que pode ser que o verquido estivera noutro punto e co crecemento do río viñera para arriba.

A Sra. Peña pregunta se para reanudar o baño se fixo algunha análise .-

O Sr. González Ledo contesta que é competencia de Augas de Galicia, que hai uns meses se puxo un cartel e logo o retiraron.

6º.- A Sra. Peña Muñiz di que houbo unha queixa dunha persoa que quería poñer un posto de venda na Festa do Pan e se lle prohibiu e quería vender pan e empanadas e pregunta que criterio seguise para dar as autorizacións para instalación de posto.

A Sra. Moimenta Otero contesta que a Festa do Pan a organiza o Concello coa colaboración de tódolos panadeiros e se propuxo que puideran vender os de Ribadumia e que teñan obradoiros e por iso seguiuse o criterio de que podan vender as persoas que estean de alta no epígrafe do IAE como obrador de pan.

E non habendo máis asuntos que tratar, levántase a sesión sendo as vintetres horas e cuarenta minutos de todo o cal, eu como Secretaria, dou fe.-